

Convocatoria Pública 03/2024

**CORRECCIÓN ERRO NAS PRAZAS 2020-PI021 ( nº solicitude 2024/38), 2022-LU128 (nº solicitude 2024/C03M07) e 2020-PN093.01 ( nº solicitude 2024/4)**

Advertido erros na Resolución da Xerencia do 23 de xaneiro do 2024 pola que se publica a **Convocatoria 03/2024** de contratación de persoal en actividades e proxectos de investigación que figuran no Anexo á convocatoria, fanse públicas as correccións que a seguir se indican:



Na praza de Persoal investigador de iniciación, **referencia 2020-PI021 ( nº solicitude 2024/38)** na que figura como Investigador Principal DIEGO PEÑA GIL, titulada Single Molecular Devices by Atomic Manipulation (MolDAM) *Este proxecto recibiu financiamento do Consello Europeo de Investigación (CEI) no marco do acordo de subvención nº 951519 do programa de investigación e innovación Horizonte 2020 da Unión Europea*

onde di:

Nº solicitude: 2024/38

debe dicir:

Nº solicitude: 2024/40

onde di:

<b>Duración do contrato*</b>	10 meses
------------------------------	----------

debe dicir:

<b>Duración do contrato*</b>	12 meses
------------------------------	----------



Na praza de persoal investigador predoutoral en formación, **referencia 2022-LU128 (nº solicitude 2024/C03M07)** na que figura como Investigador Principal MARÍA ISABEL LOZA GARCÍA, titulada Liña de investigación: Xestión e servizos xerais do CIMUS do programa estrutural de investigación do Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CIMUS)

Na titulación requirida onde di:

A persoa seleccionada, no momento de asinar o contrato deberá:  
estar matriculada nun Programa de Doutoramento da USC e que contén cun director/a da tese que sexa IP/Investigador/a do CiMUS, no curso académico 2023/2024 na USC

debe dicir:

A persoa seleccionada, no momento de asinar o contrato deberá:  
estar matriculada nun Programa de Doutoramento da USC e que contén cun director/a da tese que sexa IP do CiMUS, no curso académico 2023/2024 na USC



Na praza de investigador colaborador, **referencia 2020-PN093.01 (nº solicitude 2024/4)** na que figura como Investigador Principal JOSE CARLOS SANCHEZ PARDO, titulada Arqueoloxía das paisaxes monásticas na Galicia altomedieval (séculos VIII-XII) - XERACIÓN DO COÑECEMENTO 2020 *Proxecto PID2020-119365GA-I00 financiado por MCIN/ AEI /10.13039/501100011033)*

Nos méritos a valorar onde dí:

Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Mestrado en Arqueoloxía ou Historia Medieval	15
Ítem nº 2	Doutoramento Historia, Arte ou Arqueoloxía medieval	20
Ítem nº 3	Publicacións científicas sobre historia ou arqueoloxía medieval	15
Ítem nº 4	Experiencia laboral acreditable no uso de Sistemas de Información Xeográfica	25
Ítem nº 5	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente ás 3 persoas candidatas con maior puntuación e que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	25

Debe dicir:

Ítems	Concepto do Ítem	Puntos
Ítem nº 1	Mestrado en Arqueoloxía ou Historia Medieval	15
Ítem nº 2	Doutoramento Historia, Arte ou Arqueoloxía medieval	20
Ítem nº 3	Publicacións científicas sobre historia ou arqueoloxía medieval	25
Ítem nº 4	Experiencia laboral acreditable no uso de Sistemas de Información Xeográfica	15
Ítem nº 5	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente ás 3 persoas candidatas con maior puntuación e que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos.	25

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte a súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2 a) da Lei da Xurisdición contencioso-administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela

(Resolución do 26/09/2023, DOG 05/10/2023)

O xerente

Javier Ferreira Fernández

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE n° 236 do 2 de outubro de 2015).

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 25/01/2024 11:01:15.

**CSV:** 5D15-186C-4B0C-AA7B